

# PARTICIPACIÓN COMUNIDADE EDUCATIVA



1

## FAMILIAS

- Aproveitar os saberes das familias para a realización de talleres relacionados coa horta (con coordinación dalgunha profesora ou profesor) en horario escolar, nalgunha clase ou no recreo (neste caso para que o alumnado participe de forma voluntaria).
- Abrir a horta en horario do recreo ou que as familias poidan ir pola mañá traballar á horta.
- Involucrar á ANPA/AFA (non só as familias voluntarias) para dar a coñecer o proxecto de horta e que se involucren nas actividades.
- Horto tour (por outras hortas da contorna, ou para dar a coñecer ás familias a horta).
- Trocos de sementes cas familias facendo fincapé nas sementes locais e nas variedades da zona podendo facer incluso proxectos de investigación sobre estas temáticas.
- Maleta ou mochila viaxeira da horta que chegue ás casas

2

## DOCENTES



- Que na escola haxa un “obradoiro de horta” (como materia). No caso do CEIP Cedeira o teñen para o alumnado de 5º e 6º de EP.
- Integralo no equipo de dinamización ambiental, clube de ciencias ou actividades da biblioteca.
- Creación dunha comisión ou equipo de coordinación da horta, conformado por profesorado e/ou familias.
- Implicar a profesorado de outras materias que de primeiras non teñan tanta relación ca horta como matemáticas, linguas, música, etc
- Formación para profesorado en horta a través dos centros de formación da Consellería (CAFI-CFRs)



## ALUMNADO

3

- Que o alumnado de último ciclo de Primaria propongan talleres/actividades para os máis pequenos.
- Que o alumnado de máis idade acompañe a alumnos/as máis pequenos como monitoras/es (traballo cooperativo).
- Reparto dos froitos da horta entre o alumnado.
- Equipos ambientais formados por alumnado/a: Ecovoluntarias, patrullas ambientais, a patrulla do horto.

4

## COLABORACIÓNS EXTERNAS

- Colaboracións con centros de FP de agricultura, tecnolóxicos para construción de regos automáticos, educación ambiental, etc.
- Actividades coas asociacións da contorna: comunidades de montes, concello, asociacións, centros de día, veciños xubilados,...





# TRABALLO DE AULA

- Aproveitamento de **recursos didácticos que están en internet** (como o Naturaliza ou a maleta pedagóxica da Rede de Eco Hortas).
- Realizar (nas aulas) **obradoiros vinculados ca horta**: cociña, tinturas vexetais, saquiños con plantas aromáticas, etc ).
- Vinculación con **extraescolares** como cociña creativa, cociña saudable,...
- **Mercado para vender produtos da horta** e recoller cartos para excursións ou integralo en materias como económicas, etc
- **Actividades manipulativas e de construción**: espantallos, hoteis de insectos, comedeiros para paxaros...
- **Emprego de TICs**: rego automático, estacións metereolóxicas, fabricación de invernadoiro con botellas recicladas, construción dunha composteira, etc.
- **Proxectos creativos** en torno a horta: “cómic da horta”, caligrafía artística, decoración da horta, debuxo artístico, himno da horta, radio, vídeos, etc